



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
<b>Asignatura (*)</b>	Tratamento da Información Cualitativa e Cuantitativa na Investigación dentro da Xestión, Avaliación		<b>Código</b>	652536007
<b>Titulación</b>	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares			
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
<b>Idioma</b>	Castelán			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
<b>Coordinación</b>	Espiñeira Bellon, Eva María	<b>Correo electrónico</b>	eva.espineira@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Espiñeira Bellon, Eva María	<b>Correo electrónico</b>	eva.espineira@udc.es	
<b>Web</b>				
<b>Descrición xeral</b>	<p>Estudos e informes de avaliacións diagnósticas a nivel nacional e internacional como PISA, TIMSS ou PIRLS, poñen de manifesto a necesidade de contar con profesionais da educación capacitados/as na investigación, a medida e a avaliación educativa.</p> <p>Para unha verdadeira mellora educativa, é preciso que os/as profesionais da educación teñan coñecemento sobre a investigación educativa, aprendan a interpretar os datos e comuniquen e difundan eficazmente os resultados. Para iso faise necesario dotalos/as das competencias necesarias para planificar e desenvolver este tipo de actuacións nas aulas ou nos centros educativos.</p> <p>Co obxectivo de poñer en marcha proxectos enfocados na comprensión e mellora da realidade educativa, ha de obterse a capacidade de traballar con ferramentas e software de análise de datos e programas de análise de datos cuantitativos e cualitativos como SPSS ou MAXQDA.</p>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. ? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Ningunha *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que as referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha</p>
-----------------------------	---

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A7	E7: Desenvolver procesos de avaliación de programas, servizos e estratexias e recursos de intervención educativa en distintos contextos.
B1	CB6: Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.
B2	CB7: Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB10: Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	T9: Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Encontrar ferramentas para a avaliación do centro docente (tanto cualitativas como cuantitativas).	AM7	BM1 BM5	CM3
Contrastar diferentes instrumentos para a recollida de información de centros docentes.	AM7	BM1	
Deseñar instrumentos de recollida de información de centros docentes (tanto cuantitativos como cualitativos).	AM7	BM2	CM7
Aplicar instrumentos de recollida de información.	AM7	BM2	CM7
Analizar a información tanto cuantitativa como cualitativa que se orixina nos centros docentes.	AM7	BM2 BM3 BM4 BM6 BM13	CM1 CM3 CM4 CM7 CM8 CM9

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Proceso de recollida de información	Recollida de información: aspectos clave. Responsable/s da recollida e grupo/s destinatario/s. Momentos da recollida da información: inicial, procesual e/ou final.
Tema 2. Instrumentos de recollida de información cuantitativa e cualitativa.	Instrumentos para a análise da información cuantitativa e cualitativa. Ferramentas para a avaliación docente, tanto cualitativas como cuantitativas.
Tema 3. Análise da información.	Programas informáticos para o tratamento da información. Interpretación e valoración dos resultados. A redacción e presentación dos datos: informe final.
Tema 3. Análise da información.	Programas informáticos para o tratamento da información. Interpretación e valoración dos resultados. A redacción e presentación dos datos: informe final.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5 C1 C4 C8	2	0	2
Sesión maxistral	B1 B3 B5 C1 C4 C8	8	8	16
Aprendizaxe colaborativa	A7 B2 B4 B5 C1 C3 C7 C9	2	20	22
Prácticas a través de TIC	C8 C3	2	10	12
Proba mixta	A7 B1 B3 C1 C3 C9	2	6	8
Solución de problemas	A7 B2 B4 B5 B6 B13 C1	2	10	12
Atención personalizada		3	0	3



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaránse contidos que conforman o marco teórico mediante exposición oral, guiada coa presentación de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral de cada un dos temas de que consta o programa, indicando aqueles aspectos que poden ser ampliados polo estudante para o seu traballo persoal.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Proba mixta	A proba consistirá nunha actividade final da materia con carácter evaluativo a través da cal o alumnado deberá dar resposta a varias preguntas facendo un tratamento global e integrando os coñecementos adquiridos de acordo aos contidos abordados ao redor de diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. Ao redor dos diferentes temas propoñeráse a realización de pequenos traballos de grupo. Estas actividades inicianse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo e traballo colaborativo, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada individual e/ou en pequeno grupo. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia os materiais básicos da materia así como aqueles que se consideren complementarios (outras fontes documentais). Basearanse nos distintos recursos que existan nas bibliotecas, centros de recursos, e/ na rede (Internet).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O profesorado realizará un seguimento do traballo que vaia realizando o alumnado asistente a través das prácticas que vaia realizando.
Sesión maxistral	É importante que o alumnado realice as súas prácticas desde o primeiro día e acuda ás titorías de maneira asidua co fin de resolver as dúbidas que estime oportunas.
Actividades iniciais	
Prácticas a través de TIC	As titorías desenvolveranse, por tanto, na aula, durante as clases e no despacho do profesorado, da seguinte forma: * No caso de indicacións xerais a todo o grupo (realizaranse nas clases expositivas).
Solución de problemas	* A grupos de traballo pequeno (realizaranse nas clases interactivas -prácticas- ou de carácter virtual a través de Teams).
Proba mixta	* Individuais (versarán sobre o progreso do alumnado). Realizaranse no despacho do profesorado ou a través de Teams.

## Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A7 B2 B4 B5 B6 B13 C1	<p>A metodoloxía de solución de problemas porase en práctica nas clases interactivas. Para a súa realización é preciso formar pequenos grupos de traballo e débese ter en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas).</li><li>- Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso en que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica.</li><li>- Estes grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado.</li></ul> <p>O profesorado realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo. As prácticas se entregarán a través de moodle. O profesorado irá realizando o seguimento partindo do que se expoña na aula. Realizarase un proceso de autoevaluación e heteroavaliación.</p> <p>O profesorado indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado saiba realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.</p>	60
Proba mixta	A7 B1 B3 C1 C3 C9	<p>O exame final fixado pola Comisión académica do título e aprobada por Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta na que entrará toda a materia (clases expositivas + solución de problemas).</p> <p>O sistema de corrección da devandita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.</li><li>- Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: <math>\text{acertos} - \text{erros}/n^{\circ} \text{ alternativas}</math></li></ul>	40

#### Observacións avaliación

#### Fontes de información

